

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2009**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 18 de febreiro de 2009.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE OBRAS.-** Acórdase conceder licenza para as seguintes actuacións:

- Obras para desvinculación de entresollado esquerda da planta baixa, sen uso definido, no edificio coas licenzas municipais números 423/86 e 140/92, sito na avenida das Américas, número 65.
- Reforma de local para oficina bancaria na planta baixa do edificio con licenzas números 390/00 e 500/00, sito na avda. de Madrid, nº 44.
- Construción de edificio na rúa Círculo das Artes esquina Vázquez Seijas, parcela D-4, polígono de Augas Férreas.
- Instalación de ascensor no edificio con licenza número 575/67, sito na rúa Serra de Ancares, número 73.
- Reforma de local composto de soto, planta baixa e planta primeira para tenda de complementos (ampliación do uso existente), na rúa Conde Pallares, número 15.

- Legalización de obras de reforma e ampliación de nave existente, con licenza número 337/08, sito na rúa dos Torneiros, parcela 23, subparcela 5.
- Cambio de uso de vivenda a oficina no edificio con licenzas números 760/70, 69/71 e 208/73, sito na rúa río Neira, número 23, primeiro A.

Así mesmo acordouse denegar a licenza para cambio de uso de oficinas a vivenda no ático do edificio con licenza número 28/2004 sito na rúa da Raíña, nº 16.

**2. PLANEAMENTO.-** Acordouse aprobar a constitución da Xunta de Compensación do polígono número 3, do sector núm. II, do plan de sectorización do sector de solo urbanizable non programado “IN-G”, do PXOU vixente.

**3. XESTIÓN.-** Acordouse declarar a ruína urbanística dos inmobles número 410 da avenida da Coruña e números 3 e 5 da rúa Xenebro.

#### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

**4. PERSOAL.-** Acordouse tomar razón dos servizos extraordinarios realizados por persoal da sección de Cultura, por mor da celebración das festas de Entroido 2009 e aprobar a forma de compensación.

Así mesmo, acordouse autorizar a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito á sección de Estatística e aprobar a forma de compensación.

#### ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acordouse adjudicar provisionalmente a contratación das obras de infraestruturas e pavimentación das seccións números 9, 14, 15, 18 e 19 do cemiterio de San Froilán.

**6. FACENDA LOCAL.-** Acordouse proceder á devolución das cantidades ingresadas a través de autoliquidación núm. 3297111, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 228,59 € por desistir da licenza de obras solicitada.

**ÁREA DE ALCALDÍA**

**7. ASESORÍA XURÍDICA.-** Acordouse suspender o procedemento disciplinario incoado contra un funcionario municipal mentres non se comunique a data de alta médica.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acordouse solicitar subvención á Consellería de Traballo para a ampliación da escola obradoiro “Escola Solidaria.

Lugo, 26 de febreiro de 2009  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García